



DECRETO DE ALCALDÍA

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Convocatoria do proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal no Concello de Castro de Rei (subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2017).

Vista a Resolución da Xefa territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo de data 15 de maio de 2018, notificada o día 21 de maio de 2018 (rexistro de entrada núm. 1532), pola que se concede ao Concello de Castro de Rei, ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, unha subvención para a contratación de 1 traballador/a desempregado/a para a realización da obra/servizo que se detalla:

- ❖ **Fomento da actividade deportiva**, ocupación **socorrista**, expediente **TR351A 2018/6-2**.

Vistas as *Bases específicas para o acceso a postos de persoal laboral temporal do Excmo. Concello de Castro de Rei, para levar a cabo contratacións a través das distintas convocatorias anuais da Xunta de Galicia de axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais*, aprobadas por Decreto da Alcaldía nº. 397/2013, de 21 de outubro, e cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 256, do 8 de novembro de 2013.

En virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no Decreto de Alcaldía Nº. 54/2016, de 7 de marzo (publicado no BOP de Lugo núm. 79, de 7 de abril de 2016).

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal, mediante o sistema de concurso (segundo o baremo establecido nas citadas bases e proba escrita), para a realización das seguintes obras/servizos e para os postos que se indican:

1º) Número e denominación do posto:

- Un socorrista para "*Fomento da actividade deportiva*".

2º) Titulación:

- Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

- Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas.

- Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas.

Non obstante, a partir da entrada en vigor do *DECRETO 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia*, e durante o período transitorio de 5 anos, que permita garantir a obtención por parte das persoas interesadas da acreditación das unidades de competencia da cualificación profesional correspondente, poderán inscribirse de forma provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia as persoas que, no momento da entrada en vigor desta normativa, cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Estar en posesión dun diploma que acredite a realización dun curso de 80 horas de formación de salvamento e socorrismo acuático impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) con anterioridade á data de entrada en vigor do presente decreto.

b) Estar en posesión dun diploma que acredite a realización dun curso de formación en materia de socorrismo impartido por universidades, federacións deportivas de salvamento e socorrismo, Cruz Vermella ou outras entidades con experiencia na formación de socorristas, con anterioridade á data de entrada en vigor do presente decreto, sempre que devandito curso obteña a homologación da Academia Galega de Seguridade Pública.

Aqueles cursos que estean en fase de desenvolvemento na data de publicación do presente decreto serán considerados a efectos do establecido neste apartado, sempre que a entidade que organiza o curso o notifique á Agasp no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación deste decreto.

A Academia Galega de Seguridade Pública utilizará como criterio de homologación que o curso teña un mínimo de 80 horas e un contido similar ao curso de salvamento e socorrismo acuático ofertado pola Agasp nos últimos anos.

c) Estar en posesión dun diploma que acredite a superación con avaliación positiva do Curso de formación profesional para o emprego de socorrista acuático (AFDB10, de 240 horas), expedido por unha Administración pública competente en materia de formación profesional para o emprego.

d) Acreditar unha experiencia laboral superior a 12 meses. Dita experiencia acreditarase mediante certificado de vida laboral acompañado de fotocopia compulsada de contrato de traballo ou certificación de empresa onde figuren a duración dos períodos de prestación do contrato, as actividades desenvolvidas e o intervalo de tempo no que se realizaron ditas actividades.

3º) Duración do contrato: 2 meses.

4º) Modalidade do contrato: Obra/servizo (interese social).

5º) Tipo de xornada: 100%.

6º) Requisito específico: Non ter sido contratado/a por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

7º) Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, que aparecen descritas no artigo 14 da Orde do 12 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e dita preferencia será valorada ata un máximo de 18 puntos distribuídos da seguinte maneira:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero: 2 puntos.*
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional: 2 puntos.*
- c) Persoas paradas de longa duración: 2 puntos.*
- d) Persoas con discapacidade: 2 puntos.*
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: 2 puntos.*
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 2 puntos.*
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia: 2 puntos.*
- h) Menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias: 2 puntos.*
- i) Cargas familiares: Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de de 0,50 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 2 puntos, previa acreditación documental: Libro de familia, certificado de convivencia, certificados de pensións, certificados da oficina de emprego, etc.*

Segundo.- O Tribunal Cualificador estará integrado por:

- Presidente/a, con voz e voto.
- Secretario/a: con voz e voto.
- 1 Vogal: con voz e voto.

A designación dos membros integrantes do Tribunal Cualificador realizarase por decreto da alcaldía con anterioridade á data fixada para a realización das probas selectivas.

Terceiro.- Presentar a correspondente oferta no Servizo Público de Emprego, para que remita a esta entidade a relación de candidatos/as a tomar parte nas probas selectivas que terán lugar o mércores día 20 de xuño de 2017 ás 11:00 horas.

Cuarto.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios desta entidade e na páxina web do concello www.castroderei.gal

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE